

Narrativa Perfecto descoñecido no circuío literario de Galicia, Xosé M. Pacho Blanco asina un conxunto de prosas contra as coseduras tradicionais da novela, que mereceu o último Torrente Ballester

Pantano anfibolóxico

A choiva do mundo ·
Xosé Manuel Pacho Blanco
· Galaxia, 2008 ·
144 páx · 15 euros



A última revelación do Torrente Ballester foi o profesor de Dereito ourensán Xosé Manuel Pacho Blanco (Ourense, 1974). E digo revelación porque no conxunto dos galardóns narrativos galegos este premio distínguese por sacar á luz obras e autores que en moitas ocasións non forman parte do circuío de convocatorias do país como *seareiros* habituais. Talvez teña que ver con isto o feito de que o seu xurado está decote composto por colegas que non adoitan vivir a súa profesión crítica *dende* as nosas letras, por máis que algúns deles se manexen con sobrada solvencia no coñecemento e xuízo ocasional dos produtos da mesma. Só así se explica que grazas a este premio teñamos coñecido voces tan interesantes como as de Xesús Constela Doce ou o presente Xosé M. Pacho Blanco, perfectos descoñecidos para o muniño literario galego no momento de alzarse co galardón.

A choiva do mundo, que así se titula a obra coa que foi distinguido na convocatoria do 2007 Pacho Blanco, é un texto de lectura aparentemente doada mais de interpretación abondo complexa. Entre outras cousas porque como produto narrativo as dúbidas sobre a súa adscripción xenérica son máis que razoables. Para algúns, como o propio autor, o conxunto de prosas que a integran constitúen unha *novela estraña*, unha *novela deconstruída*, que ten na subversión e superación do xénero tradicional xustamente a súa razón estrutural de ser. Para outros, se cadra, non poderá ser considerada propiamente un texto novelístico, pois aínda recoñecendo certos puntos de encontro entre os escritos que a conforman –coincidencias entre personaxes (co)partícipes das historias, escenarios comúns puntuais, reincidencia de certos motivos, perspectivizacións ou visións etc–, o certo é que o fragmentarismo dispersivo e entrópico que supón o conxunto ofrece dificultades obxectivas para a súa consideración de novela baixo a súa aparencia sumatoria de minipezas teatrais, artigos xornalísticos, críticas literarias, poemas, guiños de curtametraxes, novelas truncadas, bandas deseñadas, (para)documentais e aínda microrrelatos, cartas ao director, prosas poéticas ou bandas sonoras.

A interpretación anfibolóxica, dual na súa esencia, podería levarse máis alá e, mentres que para parte do lectorado a polifonía que alimenta e informa



Imaxe d' *A pegada de man*. // Xoán Abeleira

Presidida pola ironía e a melancolía, a escrita procura sempre a demostración dunha tese metaforizada: as vidas de todos nós non son, no fondo, tan diferentes

a obra será vista como un recurso vizo-so que engade maior número de interpretacións posibles, haberá outros que consideren esta rede poliédrica como un balbordo inintelixible de voces que non fan senón amosar a confusión de quen non sabe con precisión que é o que quere contar.

Do mesmo xeito, determinados lectores atoparán unha orixinal deconstrución metaliteraria no xogo cun narrador tan perceptible e próximo que mesmo chega a autocuestionarse e sempre se presenta desprovéndose das prerrogativas que a súa visión privilexiada dos acontecementos lle confire; pola contra, outros coidarán que esta omnipresenza explícita do narrador acaba por resultar abondo enfadosa e mesmo accesoria.

Ora ben, alén de focalizacións analíticas antiteticamente posibles e igualmente xustificables dende o interpretativo intratextual, o que ha resultar a todos unívoco é que *A choiva do mundo* entretace un mosaico polixenérico de voces, personaxes e accións que, a modo de múltiples fragmentos rotos de espello, nos devolven imaxes fractais que abalan entre o realismo e o onirismo, entre o individual e o colectivo, o singular e o coral, unha escrita sempre presidida pola ironía e melancolía que procura a demostración dunha tese metaforizada: as vidas de todos nós non son, no fondo, tan diferentes e hai constantes universais que nos irmandan, pois a chuva do mundo, o fluír líquido que sobre todos se devorcar sen distinción, iguálanos sen uniformar-

nos, fai posible o recoñecemento mutuo pola vía da empatía do que gozamos e padecemos comun(al)mente.

Cunha concepción literaria máis próxima á narrativa en lingua inglesa que á propia tradición de noso, Pacho Blanco incorpora e actualiza o fragmentarismo de Dos Passos, a rotundidade antiheroica de Faulkner, a contrafacta metaliteraria de Joyce, o humor acedo e revisionista de Sterne e o lúcido sarcasmo de Swift, non esquecendo tampouco as sabías leccións dos seus conterráneos Blanco Amor ou Lezcano e aínda o tridimensionalismo dun Barceló ou os ecos sociocríticos dun Böll.

A choiva do mundo é un pantano anfibolóxico. Un territorio de áreas movedizas nas que nada é seguramente o que parece e a indiferenza semella imposible. Só a lectura propia será quen de iluminar o camiño, conseguindo determinar para cada un dos que a este libro se acheguen se se atopan ante unha das máis agradables e sorprendentes propostas narrativas da tempada ou un eco máis desa moda cumulativa, fragmentaria e pseudoanovadora na que andan moitos instalados. Ler para decidir. // **Armando Requeixo**